

ASUNTO: Criterios a utilizar na concesión de anos sabáticos para o curso 2013/14.
Acordo da COAP do 19/02/2013.

A Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), na súa sesión do 19 de febreiro de 2013, acorda por asentimento utilizar o seguinte criterio para puntuar as solicitudes dun ano sabático para o curso 2013/14:

- a) 2 puntos por cada sexenio contabilizado a 31/12/2012; 1 punto adicional (sumado ao acadado neste apartado) se o último ano do último período avaliado positivamente é 2006 ou posterior.
- b) 0,5 puntos por cada quinquenio contabilizado a 31/12/2012.
- c) cargos de xestión unipersoais: só serán valorados os cargos desempeñados na Universidade de Vigo a partir do ano 2003 (inclusive) e puntuaranse seguindo o mesmo procedemento que o establecido pola ACSUG para a concesión do *complemento de recoñecemento por cargos de xestión* (DOG do 15/11/2012).

En caso de empate, terase en conta o feito de non ter desfrutado anteriormente dun ano sabático e a antigüidade na Universidade de Vigo como PDI con vinculación permanente.

Vigo, 22 de febreiro de 2013

A presidenta da COAP,



Margarita Estévez Toranzo